



IES MARÍA CASARES. Departamento de TECNOLOXÍA

MATERIA	Tecnoloxía
PROFESOR/A	María Isabel Fúster Rodríguez, María Teresa Cotón Garea

4º ESO
2023-2024

CONTIDOS		
1ª A V A L I A C I Ó N	1	Electricidade e electrónica analóxica <ul style="list-style-type: none"> . Repaso de electricidade. . Compoñentes electrónicos básicos. . Representación e simboloxía. . Montaxes básicas con elementos electrónicos. Utilización de placas de probas. . Simulación de circuitos electrónicos no ordenador. . Sistemas electrónicos. Etapa de entrada, proceso e saída.
	2	Electrónica dixital <ul style="list-style-type: none"> . Portas lóxicas. Taboas de verdade. . Representación e simboloxía. . Funcións con minterms e maxterms. . Resolución de problemas lóxicos, simplificación e implementación de funcións.
2ª A V A L I A C I Ó N	3	Deseño e fabricación <ul style="list-style-type: none"> . Deseño asistido por ordenador. . Propiedades e técnicas de fabricación dos principais materiais de uso técnico. . Técnicas de fabricación dixital: impresión 3D.
	4	O proxecto tecnolóxico (deseño e impresión 3D) <ul style="list-style-type: none"> • Técnicas de deseño de proxectos. • Deseño e fabricación 3D de solucións tecnolóxicas que resolvan necesidades propostas. • Análise de produtos. • Técnicas de sustentabilidade.
	5	Pneumática <ul style="list-style-type: none"> • Elementos e funcionamento dos circuitos pneumáticos. • Simboloxía e deseño de circuitos pneumáticos. • Simulación de circuitos pneumáticos. • Cálculo de magnitudes.
3ª A V A L I A C I Ó N	6	Sistemas de control e robótica: Conceptos teóricos <ul style="list-style-type: none"> • Tipos de sistemas de control e compoñentes característicos dos sistemas de control. • Sensores. • Linguaxes de programación. • Tarxetas controladoras. • Robots. • IoT
	7	Sistemas de control e robótica: deseño <ul style="list-style-type: none"> . Sistemas de control programado: deseño. . Placas controladoras. . Elementos de sistemas automáticos ou robots aplicados ao deseño dun sistema automático.

N

8	Sistemas de control e robótica: programación <ul style="list-style-type: none"> . Programación . Placas controladoras.
9	O proxecto tecnolóxico II (deseño e implementación dun sistema automático ou robot) <ul style="list-style-type: none"> . Elementos de sistemas automáticos ou robots: montaxe . Técnicas de fabricación e impresión 3D aplicadas á creación dun sistema automatizado. . Control de sistemas ou robots.
10	Documentación <ul style="list-style-type: none"> . Software para a edición de textos, presentacións e edición de vídeo. . Propiedade intelectual

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN	
	1ª aval	2 e 3ª aval
Probas de coñecemento individuais	60,00%	40%
Anotacións no caderno do profesor: Observación directa, participación, cumprimento das indicacións..	10%	10%
Traballos individuais e actividades tanto en papel como en formato dixita prácticas de electrónica.	30,00%	50%
TOTAL AVALIACIÓN	100%	100%

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. ***(ver observacións)**

NOTA MEDIA XUÑO

A cualificación final do curso virá dada pola media das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso, non podendo ter menos de un 4 en ningunha das avaliacións.

No caso de ter algunha avaliación con media menor de 4 e/ou que a nota final do curso sexa menor que 5 deberá recuperar materia.

Cálculo da nota final do curso:

NOTA FINAL = Media das tres avaliacións (nota mínima un 4 en cada avaliación)

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

En cada unha das avaliacións o alumnado que non acade un 50% na nota nas PE (probas obxectivas de avaliación) deberá realizar unha proba de recuperación dos contidos da avaliación.

Nas 3 últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

No caso de alumnado con algunha avaliación non superada a nota final recalculárase tendo en conta a nota da avaliación recuperada na proba final ou a nota da proba final de ser o caso de ter que recuperar toda a materia.

O alumnado que na primeira semana de xuño teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5 na media ponderada das tres avaliacións, poderá realizar actividades de reforzo e ampliación que lle permitirán subir a súa cualificación nalgunha das unidades didácticas do curso. Neste caso a cualificación final será recalculada seguindo o mesmo criterio que a nota final do curso modificando a nota da avaliación na que se mellore a media.

***OBSERVACIÓNS:** *En cada avaliación o aprobado obterase cunha media igual ou superior a 5 e sempre que se obteña un 40% como mínimo en cada unha das ferramentas de avaliación. De obterse calificación negativa o alumnado deberá superar a avaliación mediante a entrega das tarefas pendentes ou a recuperación da proba escrita correspondente.

EXAMES: Se un alumno non se presenta a un exame deberá presentar xustificante médico e acordarase co profesor unha data para a realización da proba.